

# **AXUDAS PARA ACTUACIÓN DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS (MT402A)**

## **INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

### **Obxecto**

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a corrección de impactos paisaxísticos, todo isto en congruencia cos valores paisaxísticos recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia e os obxectivos e criterios que expresan as directrices da paisaxe de Galicia (código de procedemento MT402A)

### **Actuacións subvencionables**

- a) Actuacións de restauración e/ou revestimento de elementos de fachada.
- b) Remate, renovación e/o substitución do acabado exterior de cubertas.
- c) Recuperación, restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos.

Todas as actuacións deberán aplicar os criterios e recomendacións da Guía de cor e materiais de Galicia das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia, así como no caso dos muros de cerramento, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados ademais de axustarse ás condicións que veñan impostas pola normativa municipal e sectorial aplicable

### **Persoas beneficiarias**

Persoas físicas titulares dun inmovible ou ben sobre o que pretendan realizar algunha/s das actuacións establecidas .

Só caberá presentar unha solicitude por persoa e ben. Cada solicitude poderá conter varias actuacións.

A persoa solicitante deberá ser propietaria do terreo, inmovible ou ben en que se pretende realizar as actuacións e deberá acreditar a plena dispoñibilidade destes.

Todas as actuacións deberán contar, sempre e en todo caso, coa comunicación previa ou, de ser necesaria, a correspondente licenza municipal. Todo isto sen prexuízo dos restantes informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos.

### **Gastos subvencionables**

- a) Gastos necesarios para a axeitada execución das actuacións subvencionadas, tales como, entre outros, os materiais e a man de obra.
- b) Gastos correspondentes a honorarios facultativos (proxectos técnicos, dirección facultativa das obras e o custo dos estudos necesarios para a súa realización). Estes custos xerais asociados aos investimentos que se efectúen non poderán superar o 10 % do investimento subvencionable.

c) Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente.

### **Contía da subvención**

O importe da subvención será do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 € por solicitante e ben.

### **Forma de presentación das solicitudes**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ( MT402A).

### **Prazo de presentación**

Ata o 17 de febreiro de 2023

Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, validamente presentadas, na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria.

Considérase data de presentación válida aquela en que o expediente sexa presentado completo e nel conste a solicitude, correctamente cuberta, e toda a documentación complementaria exixida na presente resolución.

### **Máis información**

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfonos: 981504029/504000, extensión 1

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, e se establece a súa convocatoria para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento MT402A).

[Resolución DOG Martes, 17 de xaneiro de 2023 \(xunta.gal\)](#)